

SESIÓN JOCELYNE SAAB #3

O SÁHARA NON ESTÁ Á VENDA

[Jocelyne Saab, 1977, Francia-Marrocos-Alxeria, 75 min., VOSE]

Lingua **Francés, árabe**

Dirección **Jocelyne Saab**

Imaxe **Olivier Guéneau**

Montaxe **Philippe Gosselet**

Son **Jean-Michel Brun**

Distribución **Association Jocelyne Saab**

Desde o corazón do deserto, Jocelyne Saab rexistra os enfrontamentos entre Arxelia e Marrocos no territorio de El-Aaioun, así como a resistencia saharauí da Fronte Polisaria. Entre o documental antropolóxico e a reportaxe política, *O Sáhara non está á venda* mostra de maneira incisiva, detallada e indómita un conflito que chega até os nosos días, lembrándolle ao mundo que o pobo saharauí existe e dándolles voz a todos os axentes implicados: as autoridades marroquís, as mulleres arxelinas, a pantasma da presenza colonial española e a Fronte Polisaria.

PROGRAMACIÓN DE MAIO

Luns 13 **ALICIA NAS CIDADES**

(Wim Wenders, 1974, RFA, 110 min., VOSE)

Martes 14 **A BESTA**

(Bertrand Bonello, 2023, Francia, 146 min., VOSE)

Martes 21 **A QUIMERA**

(Alice Rohrwacher, 2023, Italia, 130 min., VOSE)

Luns 27 **PARIS, TEXAS**

(Wim Wenders, 1984, RFA, 144 min., VOSE)

Martes 28 **A ZONA DE INTERESE**

(Jonathan Glazer, 2023, Reino Unido, 106 min., VOSE)



JOCELYNE SAAB #3

O Sáhara non está á venda

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](https://www.facebook.com/cineclubepontevedra)



[CineclubPo](https://twitter.com/CineclubPo)

Coa colaboración de:



CINECLUBE PONTEVEDRA

«A muller saharauí ten as mesmas responsabilidades cós homes do seu país. Ela forma parte de todas as actividades, tamén as políticas, militares e diplomáticas. Baixo a colonización española a muller saharauí preocupouse só pola súa tenda de campaña e pola educación dos fillos. Grazas á revolución gañamos a conciencia para entender realidades políticas e pasamos á acción»
[Declaración recollida do filme]

O SÁHARA NON ESTÁ Á VENDA

Este filme foi rodado en tres etapas. Desde xullo ata novembro de 1977, cun equipo reducido. Tiña vinte e nove anos. Estivemos en Marrocos coas forzas reais do exército, nas provincias saharianas de Seguiet El Hamra; en Mauritania co exército de Mokhtar Ould Daddah, no Río de Oro e Zuérate; e finalmente, en dúas ocasións, en setembro e novembro de 1977, cos combatentes da Fronte Polisaria, nos territorios liberados do Sáhara Occidental.

Este documental de 97 minutos constitúe unha análise exhaustiva sobre o conflito do Sáhara Occidental, antiga colonia española que é agora suxeito de disputa entre Marrocos e Mauritania.

O meu obxectivo era mostrar a natureza desta absurda guerra, que enfronta dúas forzas militares contra un puñado de guerrilleiros da Fronte Polisaria nunha superficie de 280 quilómetros cadrados. Lembra a atmosfera do deserto dos tártaros tal e como a describe Dino Buzzati, mais aquí o inimigo non é hipotético, senón unha ameaza permanente.

Este filme serve tamén para lembrarlle ao espectador a existencia dun pobo saharauí e a súa vontade de autodeterminación. Trátase do despertar dunha conciencia nacional forxada no medio dunha guerra. Ademais, *O Sáhara non está á venda* inclúe unha análise política e económica do conflito, tanto en relación coa situación interna dos países involucrados coma no contexto rexional e internacional.

Texto escrito por Jocelyne Saab para a estrea do filme en 1978.
Recollido de jocelynesaab.org.

Despois de ir a Exipto, viaxei ao Sáhara. Fun alí como xornalista profesional, unha carreira que abandonara antes de facer *Le Liban dans la Tourmente*, e rematei facendo *Le Sahara n'est pas à vendre*, que trataba sobre o conflito entre alxerianos, marroquís e a Fronte Polisaria do pobo saharauí. Solicitei as autorizacións precisas, xa que novamente quería falar con todas as partes implicadas, especialmente cos tuaregs, os últimos gardiáns do deserto. A rodaxe foi emocionante, e un desa-

fío. O cámara responsable da primeira parte, Arnaud Hamelin, recibiu un disparo na man. Filmei a todos estes mozos combatentes, pouco máis que adolescentes, asumindo que os líderes da Fronte Polisaria estarían noutro lugar; mais non, eran eles realmente as persoas ao cargo. O filme estreouse en París e recibiu excelentes críticas, mais a censura sempre aparece cando menos a agardas. Houbo un escándalo na prensa marroquí e fun acusada de traizón. Parece ser que está prohibido dicir cousas que calquera historiador sabe: que había tribos saharauís no Sáhara Occidental moito antes de existir o reino de Marrocos. Hoxe ocupan territorio islámico.

Dezasete anos despois de filmar *Le Sahara n'est pas à vendre*, regresei a Marrocos para asistir a un festival de cine cerca de Tánxer. Despreocupada, aluguei un coche para poder moverme co meu fillo de catro anos. Nun momento dado, o condutor comezou a tremer e decidiu deterse nunha gasolinera, momento en que o coche se incendiou. Fíxenlle sinais a outro coche para volver ao festival, onde estaba baixo a protección de Youssef Chahine. Pensaba partir do aeroporto de Tánxer ao día seguinte, mais cando cheguei alí detivéronme. Posteriormente fun liberada, mais detivéronme de novo ao chegar ao aeroporto de Casablanca, onde pasei a miña segunda noite en prisión.

Extracto dunha conversa con Nicole Brenez en París o 20 de decembro de 2015.
Recollido de archive-magazine.jeudepaume.org.

Varios críticos salientaron daquela a preocupación do filme pola obxectividade, e foi proxectado na ONU durante unha sesión dedicada a este tema. Francamente, non tratei de apoiar ningunha das posturas sobre o Sáhara Occidental. O máis sorprendente ou curioso é que ambos países (Marrocos e Alxeria) participaron indirectamente no financiamento do documental. Ambos me criticaron. Os alxerianos non apreciaron que mostrara imaxes de arquivo que contiñan unha declaración do seu presidente, Houari Boumediene. Pero eu adquirira esas imaxes e pareceume normal mostralas xa que Alxeria estaba involucrada no conflito e apoiaba a Fronte Polisaria. Por outra banda, Marrocos estaba moi molesto comigo por non me adherir ao seu punto de vista sobre o tema... Basicamente, sentín empatía coa poboación saharauí, os habitantes do deserto, sempre me fascinou o deserto; fixen o filme para eles, non en nome de ningún estado en particular.

Extracto dunha conversa con Olivier Haduchi en 2014.
Recollido de sabzian.be.